

ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS SOBRE A PRESENCIA DUNHA ÁREA DE FUNDICIÓN DE VIDRO NO *TUDE ROMANO* (TUI, PONTEVEDRA)

Por Xosé Ignacio VILASECO VÁZQUEZ

Departamento de Historia I.

Universidade de Santiago de Compostela.

Abstract: Excavations at rúa Loureiro, 6 (Tui, Pontevedra) revealed some combustion structures together with a lot of glass waste. There was no evidence of buildings in all the area, so the finds seem to belong to an open-air roman glass furnace, placed into a marginal and poor area of *Tude*, a roman small town. Because of all these data, very poor and scattered to be related to a permanent structure, it is proposed that the rests must belong to an itinerant workshop, placed at *Tude* for a small period of time.

Keywords: Roman glass furnace, roman small towns, itinerant workshop.

O CONTEXTO ARQUEOGRÁFICO. *TUDE* COMO AGLOMERADO URBANO SECUNDARIO

Se ben non existían a penas dúbidas sobre a adscrición do que as fontes clásicas nos citan como *Castelum Tyde* ou *Tude* á actual cidade de Tui, vila galega raiana co Miño e fronteiriza con Portugal [fig. 1], ata hai pouco resultaba máis complexo concretar o punto en que se localizaba este asentamento, así como a súa extensión. Por un lado, o emprazamento do centro histórico da cidade nun promontorio rochoso que domina tanto as zonas baixas do redor como o río Miño levaba a pensar na existencia no lugar, no momento da romanización, dun poboado tipo castro, que explicaría así o topónimo «castelum» que Plinio o Vello recolle no tomo IV da súa «Historia Natural» (citado en Romero e mais Pose, 1987: 7), aínda que polo de agora non se teña dato ningún que confirme esta hipótese (Pérez e mais Acuña, 1999; Pérez, 2002). Por outro lado, o espallamento de

achados adscribíbles á época romana no contorno de Tui non se circunscribe á actual cidade histórica, onde se teñen noticias da súa aparición, senón que se estende ao norte e nordeste dela, polas terrazas do río Miño (Acuña, 1993), mesmo a máis dun quilómetro da actual vila, distancia esta que media entre a necrópole tardorromana localizada a carón do convento de San Domingos (Llana et al., 1995) e mais a área arqueolóxica dos campos de Santa Eufemia (Acuña, 1993).

Pero logo da revisión realizada por Pérez e mais Acuña (1999), ampliada máis recentemente polo primeiro deles (Pérez, 2002: 61-87), resulta factible interpretar o núcleo romano de *Tude* como un aglomerado urbano de tipo secundario que englobaría tanto a área arqueolóxica de Santa Eufemia como o resto dos achados adscribíbles á época romana localizados na mesma terraza fluvial [fig. 2]: miliarios do Campo das Barcas, a carón da ponte medieval sobre o río Louro e lugar no que existía un embarcadoiro para cruzar o Miño que se pode retrotraer á época romana; as estruturas localizadas na escavación feita en 1970 na igrexa de San Bartolomeu (Chamoso e mais Filgueira, 1976); así como outra serie de achados dispersos. A área arqueolóxica así definida sitúase no límite da terraza sedimentaria QT3 do río Miño, nun punto onde esta anchea considerablemente para configurar unha superficie achairada de grande extensión. Compreendida case na súa totalidade entre os 20-25 m. s. n. m., os seus límites norte e leste semellan ser as propias marxes da terraza, en tanto que o sur e oeste están peor definidos, ante o relativo abandono das antigas hortas pola que se estendería o xacemento.

Dese núcleo quedarían fóra, polo de agora, outros elementos máis afastados tamén adscribíbles a época romana, como os achados localizados no interior e proximidades da actual cidade histórica, así como a necrópole situada a carón do convento de San Domingos. Esta última, dada a súa cronoloxía tardorromana e a súa longa perduración no tempo, ata o século XV (Llana et al., 1995: 326), podería ser interpretada, máis que como o cemiterio do hipotético castro de Tui na proposta de Pérez e mais Acuña (1999), en relación coa existencia no lugar, xa dende época tardoantiga, da igrexa dedicada a San Xoán do Porto, que desapareceu no momento da construción do cruceiro da igrexa conventual dos dominicos precisamente a comezos do século XV (Iglesias, 1995).

A definición de *Tude* como un aglomerado urbano de tipo secundario implica a concepción do mesmo como un poboado aberto sen muralla, de hábitat non concentrado, é dicir, con edificacións distribuídas de xeito espaciado e disperso a carón das vías principais, rarificándose nas secundarias (Pérez e mais Acuña, 1999; Pérez, 2002). De feito, pódense identificar tres grandes zonas de concentración de achados: a zona do Campo das Barcas, da que proceden tres miliarios e onde aínda na actualidade se observa grande cantidade de material arqueolóxico de adscripción romana (Acuña, 1993); o núcleo de San Bartolomeu, ao redor da igrexa do mesmo nome, con diversos achados de materiais e estruturas, entre eles unha construción doméstica con pórtico de piares posiblemente aberto sobre unha rúa (Chamoso e mais Filgueira, 1976; Pérez, 2002); e, finalmente, o

núcleo de Santa Eufemia, no que case todos os autores antigos sitúan xa o poboamento romano pola abundancia de achados, entre eles restos de tres columnas monumentais e mais un fragmento de pedestal de estatua probablemente pertencente a un conxunto escultórico tamén monumental (Pérez, 2002).

De todos eles o mellor definido é sen lugar a dúbidas o de Santa Eufemia, gracias á prospección intensiva levada a cabo por A. Acuña en 1993. A dispersión de achados define unha planta irregular de 350 x 300 m de tamaño aproximadamente (Acuña, 1993), na que aparece en superficie abundante material adscribible á época romana, existindo, ademais, varias referencias orais sobre a aparición de estruturas [fig. 2]. A área de maior densidade de aparición de material en superficie esténdese ao norte do antigo camiño do Loureiro, hoxe rúa¹, vial que nace na Avenida da Concordia (estrada N-550 na entrada da cidade desde o norte) e conduce cara á Ponte da Veiga, sobre o río Louro. Ao sur desta rúa só se documentou un punto con materiais, situado xusto a carón dela, e as referencias orais recollidas aseguran que nunca se produciu ningún achado de estruturas nesta dirección.

A recuperación de achados nos espazos existentes entre os tres grandes núcleos enriba definidos ralea considerablemente, ata desapareceren por completo nos campos que unen Santa Eufemia e mais San Bartolomeu, se exceptuamos algunha escasa referencia antiga non ben situada espacialmente. De todos os xeitos, Pérez (2002) salienta a posible existencia nesta zona duns aliñamentos fósiles de tendencia ortogonal que estarían a trazar os antigos viais interiores do aglomerado. A ausencia de achados explicárase, daquela, por mor do estado de abandono dos terreos da terraza, incultos desde hai moitos anos, que imposibilita mesmo a observación de materiais en superficie.

Unha das grandes eivas na interpretación do aglomerado de *Tude* vén sinalada polas escasas intervencións arqueolóxicas realizadas no seu interior, xa que ata datas recentes a penas tiñamos máis datos cós da intervención xa citada realizada na igrexa e adro de San Bartolomeu, e que só foi parcialmente publicada. Sen embargo, a realización de dúas valas paralelas a ambos os lados dunha rúa secundaria e transversal á rúa Loureiro en dirección nordeste permitiu en 1993 facer unha serie de sondaxes arqueolóxicas coas que se documentou no lugar unha utilización mixta funeraria e habitacional en a penas 90 m liñais (Acuña, 1994; Acuña et al., 1999): senllas estruturas de habitación relativamente ben conservadas foron documentadas nas dúas sondaxes realizadas a norte e sur, mentres que unha terceira, nunha zona intermedia, se atopaba parcialmente destruída pola presenza dunha serie de tumbas en caixa de tégula de sección triangular, cuadrangular, ou fábrica mixta de tégula e pedra [fig. 2]. O material recollido, todo

¹ Contra o que se recolle en Acuña, 1994 e mais Acuña et al., 1999 a rúa Loureiro (en singular) non é aquela na que se realizou a intervención de 1993, tratándose esta dun vial secundario transversal, aínda sen denominación en 1996, que parte da rúa que recibe aquel nome.

el asociado ás estruturas habitacionais, lévanos cara a unha cronoloxía serodia, tardorromana ou altomedieval (mediados do século IV a mediados do século VI), se ben aparecen materiais altoimperiais que foron interpretados como perduracións esporádicas (Acuña et al., 1999).

AS SONDEXES ARQUEOLÓXICAS NO Nº 6 DA RÚA LOUREIRO

Co motivo da urbanización do solar nº 6 da rúa Loureiro procedéronse a realizar unhas sondaxes arqueolóxicas previas á obra, co fin de confirmar a continuación dentro del do xacemento «Área de Loureiros» enriba definido² [fig. 3]. O solar en cuestión atópase ao sur da rúa Loureiro e do conxunto da área de Santa Eufemia, estando a súa esquina máis próxima, a NO, a aproximadamente 50 m. en liña recta cara ao sueste da cata máis meridional das realizadas na intervención de 1993. Como xa se indicou, as evidencias de aparición de material en superficie neste punto son moi escasas, a penas uns escasos fragmentos de tégula, polo que resultaba difícil asegurar *a priori* a extensión do xacemento nesta dirección; de feito, aínda que o solar foi tradicionalmente dedicado a viñado, o estado de abandono en que se atopaba non permitía observar material en superficie. Pero ademais, o perfil inicial do mesmo (a rúa atopábase afundida con respecto á cota inicial do solar) amosaba un depósito homoxéneo de terra vexetal moi humificada sen evidencias de estruturas nin materiais.

As sondaxes nas áreas propostas evidenciaron a inexistencia de estruturas arqueolóxicas construídas (muros ou tumbas) en toda a superficie do solar, e, de feito, puxeron ao descuberto unha metade occidental totalmente estéril en canto a materiais. Sen embargo, na metade oriental, e pese á inexistencia de niveis arqueolóxicos ata chegar ao xabre de base, documentáronse unha serie de estruturas de combustión escavadas neste, das que se procedeu a sondar unha pequena parte [fig. 3]. A actuación limitouse ao aquí descrito, sen ningún tipo de ampliación, xa que as evidencias localizadas non ían ser afectadas pola construción da edificación.

A escavación integral da cata sueste (4 m²) documentou, a partir da cota do xabre, unha estratigrafía complexa dentro da que se detectaron dúas áreas de combustión [fig. 3]. Unha delas, situada ao norte, atopábase no interior dunha canle escavada no xabre que atravesaba a sondaxe en sentido E-W e que se prolongaba noutra das zonas abertas, ao sudoeste. Estaba delimitada por dous

² A Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra, no seu Informe emitido na sesión do 8 de novembro de 1995 en relación ao punto nº 40 da Orde do día, condicionou a concesión do permiso para a obra á realización dunha «intervención arqueolóxica previa, mediante sondaxes, que abarque á totalidade da área afectada por movementos de terra (rampla, garaxe, cimentacións, etc.)». A actuación foi dirixida polo que subscribe, e avalada pola entón Dirección Xeral de Patrimonio Histórico e Documental da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

grandes fragmentos de tégula e algúns cantos rodados; dentro desta estrutura existía un depósito de terra queimada, cunha cor encarnada, e abundante carbón moi esnaquizado. Aínda que tégulas e cantos rodados non se atopaban calcinados, resulta bastante factible pensar que fosen os elementos delimitadores da fogueira. A segunda estrutura de combustión, situada ao sur da canle antes citada, en contacto con ela pero sen chegar a danala, consistía nunha camada de fragmentos de carbón de pequeno tamaño, duns 5 cm. de espesura e unhas medidas de 40 x 90 cm, que se continuaba en dirección sur, introducíndose no perfil da cata; este depósito atopábase no interior dunha escavación realizada no xabre *ex profeso* para el.

En toda esta cata aparecía abundante material arqueolóxico, sendo case na súa totalidade elementos vítreos ou materiais con restos de vitrificado, mentres que outros tipos de pezas están practicamente ausentes. Entre as pezas de vidro dominan as de cor verde (só se recolleu un fragmento marrón e outro transparente), de tons variados aínda que predominantemente escuros. As súas pastas non son homoxéneas, debido non só a intrusións gasosas (burbullas), senón tamén á presenza de abundantes intrusións sólidas, fundamentalmente de pequenos fragmentos de carbón. En canto ás formas, existen algúns bordes, aínda que predominan os colos de botella [fig. 4].

Pero ademais da presenza de pezas de vidro recolléronse, en maior cantidade, outros elementos vítreos como escouras, gotas e fragmentos informes de masa de vidro, todos de cor verde escura, evidencias claras da realización dun traballo de fundición deste material no contorno. Entre as primeiras, hainas de maior ou menor pureza no seu estado de vitrificación, como corresponde a elementos rexeitados no proceso de fabricación, ata o punto de que nalgunha semellan observarse restos das substancias utilizadas para a consecución da masa vítrea. Coas gotas e fragmentos desta última, de moi variado tamaño, sucede algo semellante, ao que se engade a frecuente presenza na súa masa de intrusións sólidas en forma de pequenos carbóns [figs. 5 e 6]. Apareceu, ademais, un fio de vidro igualmente con numerosas intrusións de carbón. Cómpre salientar que xa na intervención de 1993 se documentaran «vitrificacións verdosas ou negruzcas» (Acuña et al., 1999).

Un tipo de material moi abundante en toda a sondaxe son os fragmentos informes de barro cocido, xeralmente de ton agrisado, ou gris e encarnado, que presentan nunha das súas caras restos dun vitrificado de cor verde escura [fig. 7]. Semellan responder ben a elementos vitrificados accidentalmente, ben a posibles restos do elemento refractario dun forno ou de moldes para a realización das pezas. A súa presenza espállase por toda a cata, non adoptando ningunha disposición determinada, e os restos de vidro aparecían orientados a todas as direccións, polo que parecen responder a algún elemento rexeitado logo da súa parcial destrución.

Ademais, recolléronse outros elementos, como fragmentos de tégula, algún coa súa superficie vidrada, probablemente de forma accidental, e escasos

fragmentos de cerámica, toda ela lisa e moi esnaquizada, de características pouco definidas; un anaco de cerámica, ademais, amosaba unha das súas superficies vidradas. Finalmente, conséntase a presenza de fragmentos do que semella ser algún tipo de mineral, se cadra sílice. Aparentemente, todos os materiais aparecían distribuídos dun xeito bastante uniforme por toda a cata, en todos os niveis delimitados, dentro e fóra das dúas áreas de combustión, e sen adoptar ningunha disposición especial, o que incrementa a imaxe de estrutura abandonada que semella ofrecer a zona escavada, se cadra logo de ser utilizada durante un curto período de tempo, dada a febleza do conxunto.

INTERPRETACIÓN: UNHA ÁREA DE FUNDICIÓN DE VIDRO NO TUDE ROMANO

A análise de todos os datos expostos permite propoñer como interpretación máis que probable, pese á complexidade das estruturas e á falta de paralelos, a existencia no lugar dunha área de fundición de vidro ao aire libre, ao xeito dos «*fosos sen cubrir feitos no chan*» que propuña M. Vigil hai algúns anos como forma máis común para moitos dos fornos de vidro antigos (Vigil, 1969: 10). Na zona de traballo ata agora documentada procederíase fundamentalmente a realizar o proceso de *vitrificación ou de formación do vidro* (Fernández, 1991: 148), coa consecución dunha masa de cor verde escura, coloración frecuente en vidros de xacementos baixoimperiais da Gallaecia, como Santomé (Justo, 1996: 161), e o desprendemento de abundantes escouras, gotas e fragmentos de masa de vidro desta cor. As numerosas intrusionas gasosas (burbullas) que presentan os materiais dan idea de que durante o proceso non se acadaban temperaturas altas. Cómpre aclarar que este tipo de actuación é tecnoloxicamente factible, xa que ten sido constatado experimentalmente que cun lume aberto de leña pode acadarse unha temperatura de 1200^o C, que bastaría para fundir un vidro binario de silicato sódico (Fernández, 1991: 5).

A presenza dun depósito de carbón con madeiras de pequeno tamaño (segunda das áreas de combustión descritas) se cadra se poida relacionar coa cita de Plinio que comenta a utilización de leña seca e de pouco peso na alimentación dos fornos de vidro (citado en Vigil, 1969: 11). Ante a inexistencia de estruturas edificadas pódese propoñer que, para a obtención da masa de vidro, as materias primas se situarían sobre este lume dentro dun cunco, no que se produciría o proceso de fundición, ao xeito do que se facía na factoría de Tell-el-Amarna durante a segunda metade do II milenio a. C. Neste obradoiro exipcio, unha vez arrefriada a pasta vítrea, procedíase a romper este cunco, utilizado ao xeito dun crisol, e rexeitar a capa superior daquela, impurificada de escouras (Fernández, 1991: 7). Restos de cuncos deste tipo poderían ser os fragmentos de barro cocido con restos de vitrificado na súa superficie recollidos na escavación, que deberían a súa falta de forma á rotura poscocción; aínda que esta atribución resulte, polo de agora, máis que dubidosa.

Entre as materias primas usadas para a consecución do vidro semellan terse utilizado cinsas vexetais, en consonancia coa mención clásica que indica o seu uso (Vigil, 1969: 9), ou cando menos así o suxire a súa abundante presenza en forma de intrusionés sólidas (sendo daquela máis ben *infundidos*) nos fragmentos de vidro localizados. De todos os xeitos, a súa profusa aparición en pezas con forma clara (bordes e colos) pode responder máis ben a que estas últimas se correspondan co que na terminoloxía vidreira se denomina *casco* ou *calcín* sen fundir completamente, é dicir, fragmentos de vidro da mesma composición cá masa que se espera obter, procedente con frecuencia de roturas ou rexeitamentos producidos na propia fábrica, e que se engaden ás compoñentes para acelerar o proceso de vitrificación (Fernández, 1991: 144). Finalmente, a aparición dalgún fio de vidro nunha zona próxima pero non escavada na súa totalidade permite propoñer que as tarefas de soprado e decoración final dos elementos fabricados se realizarían nas inmediacións das lareiras localizadas, aínda que non se pode descartar que se trate dunha forma accidental.

A área de traballo así definida non se asocia a ningunha edificación nas súas proximidades. Esta última afirmación, aínda que hipotética, semella ter bastantes visos de realidade ante a inexistencia de estruturas arqueolóxicas construídas en toda a superficie abarcada coas sondaxes, e mais as referencias orais recollidas durante a intervención que parecen confirmar a ausencia de achados arqueolóxicos ao sur da rúa Loureiro, nin se quera no solar contiguo a este polo leste, edificado de antigo. Se isto fose certo estaríamos diante dun obradoiro ao ar libre relativamente afastado da área habitacional (50 m aprox.).

Pero se cadra o aspecto máis interesante da intervención sexa non tanto a constatación dunha área de fundición de vidro preto da actual cidade de Tui e nunha zona marxinal da área arqueolóxica de Santa Eufemia, como as interpretacións sociolóxicas que, penso, se poden tirar de todo isto. Como aglomerado urbano de tipo secundario, o poboamento de *Tude* debeu ter sido en xeral disperso, de xeito que existirían numerosos espazos baleiros entre as edificacións (Pérez e mais Acuña, 1999; Pérez, 2002). Dentro do conxunto así concibido, as estruturas localizadas na escavación realizada en 1993 no vial sen nome ao norte da Rúa Loureiro foron interpretadas como pertencentes a un barrio pobre e marxinal cunha dedicación doméstica (Acuña et al., 1999) na que conviven espazos habitacionais (presencia dunha lareira na edificación máis setentrional) con outros de finalidade productiva (interpretación da edificación meridional como un obradoiro metalúrxico, ante a abundante presenza de escouras ferruxinosas no seu interior) e mesmo, se cadra, comercial (relativa abundancia de ánforas entre o material documentado) [fig 2].

Neste contexto, a presenza dunha área de fundición e traballo do vidro nunha zona marxinal a este barrio, onde non se constata a presenza de edificacións, pode ser interpretada de forma diversa. Unha posible explicación da súa situación nunha zona non habitada do asentamento pode radicar na orde que dictou o emperador Alexandre Severo, cara ao ano 220 d. C., para que todas as vidrerías

de Roma fosen trasladadas ás aforas da cidade, como medida de seguridade en caso de incendio (citado en Fernández, 1991: 14). Esta medida, se cadra, non foi única, e puido terse estendido ao resto do imperio ata se converter en norma común nas datas a que parecen corresponder os elementos aquí tratados (séculos IV-VI, se lles atribuímos a mesma cronoloxía cá obtida para as zonas próximas).

Sen embargo, o feito de que se teñan constatado estruturas tan febles, con moi pouca entidade, e sen ningún tipo de construción a elas asociadas, pódenos estar a falar da escasa perdurabilidade no tempo da actividade que alí se realizou; esta curta duración poderíase explicar mediante a presenza dun obradoiro itinerante de vidreiros que, radicados temporalmente no lugar, se asentarían nunha zona marxinal, libre de edificacións pero achegada a unha das súas áreas comerciais e productivas, que procederían a realizar o seu traballo para abastecer á poboación do *aglomerado* alí existente antes de trasladarse a outra localidade.

A interpretación anterior resulta difícil de corroborar ante a ausencia de referencias nas fontes clásicas á existencia de vidreiros itinerantes, pero non deixa de ser unha hipótese acorde coa escasa perdurabilidade que se parece constatar nas estruturas escavadas. Ademais, pode axudar a explicar a abundancia, mediocridade e simplificación morfolóxica que se constata nos recipientes elaborados en vidro durante a baixa romanidade, así como a súa xeralización como elemento cotián mesmo nas clases baixas da poboación (Justo, 1996: 6). Finalmente, atopa paralelos históricos na existencia de fundidores de bronce itinerantes, especialmente os *campaneiros*, que en Galicia aínda se trasladaban a comezos do século XX ao lugar onde os necesitaban para proceder a fundir as pezas solicitadas³.

Evidentemente, todo o anterior non son máis que as hipóteses iniciais dun traballo aínda en curso, e que deberán ser constatadas no futuro. De feito, a escavación está aínda en estudo, ficando algunhas tarefas pendentes: a correlación estratigráfica dos materiais, a realización de diversas analíticas sobre as pezas (elementos minerais, escouras, gotas de vidro) para corroborar a súa interpretación, etc. Ou mesmo a datación mediante o carbono 14 das estruturas de combustión documentadas, co fin de constatar a súa pertenza ao mundo tardorromano, dúbida esta que non deixa de estar presente tendo en conta o material, moi pouco característico e sen ningún elemento claro que permita a datación relativa do conxunto. A isto habería que engadir o propio feito de que na área próxima intervida mediante sondaxes en 1993 estea ausente o vidro de cor verde. Efectivamente, na área sur das mesmas, a máis próxima á nova zona escavada, constátase unicamente a presenza de vidros de pastas transparentes e ocres (Acuña, 1994), que son menos numerosas na intervención máis recente; mentres, no resto da actuación unicamente se documentaran coloracións verdosas moi suaves que contrastan coa forte tonalidade das masas de vidro recuperadas no solar nº 6 da Rúa Loureiro.

³ Referencia oral do fundidor Lisardo Bóveda González, a quen agradezo a información.

BIBLIOGRAFÍA

- ACUÑA PIÑEIRO, A. (1993): *Informe técnico de valoración de la prospección del núcleo urbano de Tui (Pontevedra)*. Memoria presentada na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, inédita.
- ACUÑA PIÑEIRO, A. (1994): *Informe preliminar de la intervención arqueológica en el área de la calle Loureiros, Tui (Pontevedra)*. Memoria presentada na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, inédita.
- ACUÑA PIÑEIRO, A.; PÉREZ LOSADA, F.; PAZ LOBEIRAS, R. M^a (1999): «Aproximación arqueológica ó Tude romano: escavación na rúa Loureiros». En A. Rodríguez Colmenero (coord.) *Los orígenes de la ciudad en el Noroeste Hispánico (Lugo, 1996)*. Lugo: Deputación Provincial, Tomo II, pp. 839-870.
- CHAMOSO LAMAS, M.; FILGUEIRA VALVERDE, J. (1976): «Excavaciones arqueológicas en la iglesia y atrio de San Bartolomé de Rebordanes, de Tuy (Pontevedra)», *Noticiario Arqueológico Hispánico (Arqueología)*, 4, pp. 323-333.
- FERNÁNDEZ NAVARRO, J. M^a (1991): *El vidrio*. Madrid: C.S.I.C.
- IGLESIAS ALMEIDA, E. (1995): «La antigua iglesia de San Juan Bautista de Porto y San Tersón», *Boletín de Estudios del Seminario*, 16, pp. 47-52.
- JUSTO RODRÍGUEZ, M. (1996): *El vidrio romano en la Galicia Antigua: la colección de vidrio antiguo del Museo Arqueológico de Ourense* (Tese doutoral microfilmada). Santiago de Compostela: Universidade.
- LLANA RODRÍGUEZ, C., BLANCO SANMARTÍN, M^a P., SUÁREZ ESTÉVEZ, X.M. (1995): «Intervención arqueológica na área de Santo Domingo, Tui, Pontevedra», *XXII Congreso Nacional de Arqueoloxía (Vigo, 1993)*. Vigo, tomo II, pp. 325-330.
- PÉREZ LOSADA, F. (2002): «Entre a cidade e a aldea. Estudio arqueohistórico dos «aglomerados secundarios» romanos en Galicia», *Brigantium*, 13, número monográfico.
- PÉREZ LOSADA, F.; ACUÑA PIÑEIRO, A. (1999): «Tude (Tui, Pontevedra): un núcleo urbano secundario na Galicia romana». En A. Rodríguez Colmenero (coord.) *Los orígenes de la ciudad en el Noroeste Hispánico (Lugo, 1996)*. Lugo: Deputación Provincial, Tomo II, pp. 871-890.
- ROMERO MASIÁ, A. M^a; POSE MESURA, X. M. (1987): *Galicia nos textos clásicos*. A Coruña: Museo arqueolóxico e histórico provincial.
- VIGIL PASCUAL, M. (1969): *El vidrio en el mundo antiguo*. Madrid: C.S.I.C.




FIGURA 1: Localización de Tude (Tui).




FIGURA 2: Localización do solar nº 6 da Rúa Loureiro no contexto do *Tude* romano (modificado a partir de Acuña 1994 e mais Pérez 2002, usando como cartografía de base a folia nº 261-11 do plano a escala 1:5.000 do Concello de Tui, C.O.T.O.P., Xunta de Galicia, 1991).




FIGURA 3: Zonas escavadas no solar nº 6 da Rúa Loureiro sinalando as estruturas localizadas e detalle das dúas áreas de combustión da cata SE.



FIGURA 5: Fragmentos de vidro, escouras e gotas do mesmo material.



FIGURA 6: Fragmentos de masa de vidro, a da esquerda con abundante escoura na base.



FIGURA 7: Arxila cocida con restos de vitrificado na superficie.